



COLABORAN:

Ministerio de Cultura
Diputación Provincial de Lugo
Fenosa
Cepumasa
Ayuntamiento de Portomarín

ES UNA ATENCION DE



**CAJA DE AHORROS
PROVINCIAL DE LUGO**

GRAFICAS BAO - Cíengos, 25 LUGO

D. L. LU. 501-80

XII DOMINGOS FOLKLORICOS



**PORTOMARIN
LUGO**

del 3 al 31 de agosto

Os emigrantes da comarca de Portomarín -os de Paradela tamén contamos- espallados por terras alleas, anseiamos a chegada do mes de Agosto pra poder reencontrarnos coa terra que nos viu nacer.

Durante longos meses, mergullados na problemática industrial das grandes cidades de Barcelona, de Bilbao e mesmo das más alonxadas capitais da Europa, degoramos o intre de voltar de novo á fermosa vila, empoleirada no maxestuoso Castro, como unha pomba branca axexando o manselio camiñar do faro Miño, creador de kilowatios e dunha riqueza, que agardamos fructífique -coa racional distribución do imposto sobre a Energía- en beneficio e no rexurdir da rica comarca asulagada en aras do "Progreso".

Os "DOMINGOS FOLKLORICOS", que dende hai doce anos son unha mostra do dinamismo cultural do noso pobo, son celme pra os que chegamos de lonxe, cansos do diario trafego fabril, comercial ou administrativo.

E temos que agradecer ás autoridades municipais a sua laboura en pro do espallamento das grandezas arquitectónicas, da beleza paisaxística, da historia e do engado da nova vila de Portomarín, presidida pola moi mental eirexa de San Nicolás.

Tamén valoramos o garimo con que tratan a imaxe turística da vila, -unha das más enxebres do interior da provincia- na que non fallan as competicións deportivas fluviais, a piscina reglamentaria, os parques axardinados e as comodidades pra o turista, que no seu pelengrinar polo Camiño de Sant-Iago, atopa en Portomarín un remanso de paz e accoledores albergues, como o Padrón de Turismo.

Ballets, Coros e Danzas, Grupos de gaiteiros, Agrupacións culturais, romerías que rematan coa multitudinaria e popular festa do Cristo ao comenzo de Setembro, fan do Portomarín que nos acolle cada ano con apertas de irmandade, o lugar ideal pra o descanso e o conforto.

E tal o engado da nosa vila, é tan grande o sentimento de fillos que nos xungue a ela, que sufrimos ó cavilar na próxima marcha -¿cando rematará a emigración?- e solo nos queda un consolo: poder voltar outro ano.

Manuel Rodríguez López

PROGRAMA

AGOSTO

Día 3 (Dedicado a Sarria)

Coral polifónica y grupos de danzas de la asociación "Meigas e Trasgos".

Día 10 (Dedicado a Chantada)

Coral polifónica de Chantada y Banda de cornetas, tambores y gaitas "Tau" de Viveiro.

Día 17 (Dedicado a Lugo)

Banda municipal de Lugo y el grupo de danzas "Arume".

Día 24 "I Certamen de gaitas do Axuntamento de Portomarín".

Día 31 Ballet folklórico Orensano y coral polifónica de la empresa Fenosa.